



**MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2014**

1. Celebración da xornada “Conservación de valores naturais e da paisaxe na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses mediante a promoción dos sistemas alimentarios locais” os días 4 a 8 de marzo, no IBADER, campus de Lugo da USC.
2. Presentación dos traballos da Reserva realizados polos alumnos do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza da USC (Guías, CD de sons, material didáctico, etc.) o 10 de marzo de 2014.
3. Celebración dos Días Mundiais da Árbore e da Auga os días 21 e 22 de marzo de 2014 nos centros educativos da Reserva co libro “O tesouro das Terras do Miño”.
4. Participación na reunión do Consello de Xestores de Reservas de la Biosfera celebrado os días 9, 10 e 11 de abril de 2014 na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
5. Participación no X Congreso Internacional de Ciencias do Deporte e Educación Física (8–10 de maio en Pontevedra) do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza da USC, coa presentación dos traballos realizados en colaboración coa RB Os Ancares Lucenses.
6. Participación no Simposio de Agricultura Familiar Agroecolóxica do 18 ao 20 de xuño de 2014 na sede do IBADER– Campus Universitario de Lugo da USC.
7. Colaboración coa II Marcha Cicloturista “Ancares Road Warriors” 2014, o 12 de xullo de 2014.
8. Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación de Lugo para a realización de actividades de valorización dos recursos culturais e turísticos na provincia de Lugo, co fin de rehabilitar os teitos das pallozas de Piornedo e dotar de servizos básicos de saneamento e alumeadado público desta aldea do concello de Cervantes
9. Participación no Curso de Verán 2014 “A xestión e conservación dos Humedais Continentais no Marco da Estratexia da Unión Europea sobre a Biodiversidade” do 14 ao 16 de xullo de 2014 na sede do IBADER– Campus Universitario de Lugo da USC.



10. Participación no curso de verán “Alternativas de desenvolvemento rural en áreas de alto valor ambiental: Modelos e experiencias aplicables á Serra do Courel”, celebrado do 21 ao 23 de xullo na Estación Científica do Courel– Seoane do Courel (Lugo).
11. Participación no curso de verán 2014 “As plantas medicinais no desenvolvemento sostible das RB Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” do 28 ao 31 de xullo de 2014.
12. Celebración da II Edición do Campus de Emprendemento Sostible na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, no concello de Cervantes, do 7 ao 10 de xullo e do 8 ao 11 de setembro de 2014.
13. Participación da RB Os Ancares Lucenses na publicación “Energías Renovables para as Reservas da Biosfera”, do Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM) e a Secretaría do Programa MaB en España.
14. Colaboración no III Encontro de Artesanía, Produtos Típicos e Arte Tradicional, o día 9 de agosto no Polideportivo Municipal de San Román de Cervantes.
15. Celebración do 16º Edición do encontro do hermanamento Sarria–Guerledan (Francia) para a difusión dos valores da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses en agosto de 2014.
16. Celebración do proceso de participación cidadá na elaboración do orzamento da Deputación para o ano 2015.
17. Publicación de artigo divulgativo da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses na revista Micolucus da Sociedade Micolóxica Lucus de outubro de 2014.
18. Colaboración da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses na asignatura “Planificación e xestión de espazos naturais” impartida polo profesor Alberto Rojo na Escola Politécnica de Lugo, o día 2 de outubro de 2014.
19. Colaboración da Reserva da Biosfera no V Congreso de Medio Ambiente e Saúde celebrado en Lugo os días 13 a 16 de outubro de 2014.



20. Participación na 13ª Reunión do Consello de Xestores de Reservas da Biosfera, celebrada en Castellet i La Gornal os días 12 a 14 de novembro de 2014.
21. Colaboración no III Curso de Veterinaria e Conservación de Fauna Silvestre celebrado en Lugo os días 15 e 16 de novembro de 2014, organizado pola USC.
22. Celebración da xornada “O oso pardo en Galicia”, en Piornedo – Cervantes, os días 29 e 30 de novembro de 2014.
23. Celebración do II Concurso Fotográfico dos bosques das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses en novembro e decembro de 2014.
24. Celebración do Ciclo de Conferencias Dr. Luis Asorey García “A Rede Natura 2000 en Galicia” entre os días 17 e 26 de novembro no Salón de Actos da Deputación de Lugo.
25. Colaboración coa tese doutoral “Imaxe e representación dos territorios de montaña: Pueblos e Vales da Serra de Ancares (León e Lugo)” de Vanesa Fernández Fernández da Universidade de Salamanca (Departamento de Xeografía).
26. Colaboración no I Simposio Ibérico de Agroecoloxía e Municipalismo e Desenvolvemento Rural celebrado no Campus de Lugo da USC do 12 ao 14 de decembro.
27. Adaptación e dotación de infraestruturas para o futuro Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses en San Román de Cervantes.
28. Adaptación e dotación de infraestruturas para o futuro Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses en Becerreá.
29. Convenio regulador da subvención excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Centro de Interpretación de Avifauna co obxecto de apadriñar o urogallo e colaborar no financiamento dos gastos derivados da alimentación e coidado destes animais criados nas súas instalacións no ano 2014.
30. Portal didáctico ambiental da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, adaptación de material didáctico e desenvolvemento de novos contidos.